

VERMELLO VAGALUME

1º Concurso Cuentos Repsol
1º Premio en Gallego

Autor: Ernesto Gómez Lozano

Año 1988

PRIMEIRA PARTE

Cinco. Son as cinco da tarde. Estou sentado nun esbelto pero incómodo sillón na casa da señora Charles.

A señora Charles é unha muller de setenta e tantos anos que vive na cidade vella. Ela é inglesa, máis vive aquí, na Coruña.

Cando tiña vinte anos, namorouse dun galego e de Galicia e veuse para aquí.

O seu home morreu hai tempo, e ela vive soa, nunha pequena e vella casa. Digo pequena, porque ten tantas mesiñas repletas de figuriñas e xarróns, que non hai por onde andar. Eso sí, todo moi ordeadiño.

Estou ensimismado ollando unha destas figuras, cando aparece a vella señora Charles entrando na saa, cunha bandexa encol das súas máns enrugadas. Imos toma-lo té.

A señora Charles non rexeitou o seu país, nen os seus costumes, nen a súa lingua que aínda fala.

Sirve o té nunha pequena mesa de mármore branca, mentras, eu distraiome mirando un cadro. Un retrato do home da señora Charles con pipa, barba e gorra mariñeira. Era un home de mar, aínda que, coido non tódolos homes de mar teñen pipa, barba e gorra...

De novo, a señora Charles fai que volte á realidade.

— Xoanciño ¿dúas, verdade?

— Sí, sí.

A señora Charles, sempre que ía pola súa casa a tóma-lo té, me preguntaba cantas culleradas de azucre quería, aínda que xa o soupera.

E, estando ámbo-los dous sentados frente a frente, comenzaba o diálogo, lento e superficial, demasiado.

— ¡Qué Xoanciño! (sempre me chamaba así) ¿cómo van os estudos?

— Ben, sen moita dificultade.

— ¿Suspendiches algunha?

— Sí, unha, pero xa a recuperei. Foi debuxo técnico.

— Moi ben, sigue así... e teus pais ¿qué tal van?

— Máis ou menos coma sempre, miña nai tivo eses días atrás un resfriado e meu pai ten algo de reuma, que o trae doente nos cambios de tempo.

— Bueno, ¡ai, se tódolos males foran eses!. Eu, neno xa vou vella...

Silencio.

A señora Charles érguese da súa silla e acende o televisor. Están dando as novas da tarde. Nun cambio de imaxe aparece o presidente Ortega. O presidente Ortega sempre loitando polo seu país para ver se así... pero non.

Regan non perdoa.

Agora a presentadora está a falar das novas do tempo e a señora Charles aproveita para se queixar un pouco.

— ¡Ai, meu neno! eu con este tempo andoche moi mal, moita tristura e moito frío que os meus osos sofren irremediablemente.

— Xa se sabe, contéstolle, son os achaques propios da idade, pero hai que coidarse e levanta-los ánimos.

Outro silencio.

Soa un timbre. Será o teléfono, penso para min. Pero non, a señora Charles se dirixe a abrir a porta, e logo de ouvir uns murmullos aparecen ente min a señora Charles e unha moza.

Ela e máis eu, quedámonos mirando cunha ollada diferente de tódalas que sentira ate aquel intre. Era maravillosa. Sentíame anonadado da súa presencia. ¡Qué bonita!.

Unha vez máis a señora Charles rompeu o silencio.

— Mira Sonia, (que así se chamaba a rapaza), preséntoche a Xoan.

¡Uf! pensei que me ía a chamar Xoanciño.

— Xoan, continuaba dicindo a señora Charles, é o fillo dunha amiga miña, e me veu traer unhas chilindradas de repostería e a me facer unha visita.

Precisamente estabamos a tomar un té.

Saudámonos e démonos un bico moi cortés, pero que me serviu para tocar a súa pel suavísima. Cando me acerquei a ela para llo dar, os seus ollos azuis craváronse en min e desplazáronme a mundos LSDianos.

A señora Charles dixo:

— ¿Qué Sonia, que che poño, o de sempre?

— Sí, sí.

De pronto, cando eu maxinaba que Sonia tomaría un té ou café ou calquera outra cousa propia daquel ambiente, vin coma a señora Charles se dirixía cara a un abarrocado moble que estaba en frente de min, e cal sería a miña sorpresa cando observei como a señora Charles collía unha botella de vodka.

Sonia, a recén chegada moza, ía beber unha copa de vodka, aquelo era demasiado para a miña mentalidade retorta e puritana.

Quedei aqueloutrado, tanto pola súa fermosura como polo feito de bebe-la copa. O caso foi que a miña admiración non debeu pasar desapercibida, xa que, a señora Charles se dirixiu a min en ton cariñoso-reprensivo.

— Sí, fillo sí. Esta rapaza é do que non hai, dáselle por beber vodka. Ela di que é por compromiso político, máis eu coido que non debe tomar tan en serio esas cousas, pero xa ves...

Sonia fixo un aceno de desacordo máis non dixo nada. A verdade, é que, eu estaba bastante tenso naquela situación, o meu trato con mulleres non fora moi abondoso e recoñezo non sabía qué dicir, ó contrario da señora Charles que se mostrou aquela tarde faladora de abondo. Sonia e eu, escoitando. As veces, botáballe unha mirada, pero o que máis me sorprendeu foi a súa indiferencia.

SEGUNDA PARTE

Un ano pasou desde aquel inesperado encontro da casa da señora Charles. Aínda non hai un mes que lle fun levar unhas frores a súa tumba.

Un ano no que non parei de lembrar a aquela moza, Sonia. Seguín estudando arquitectura e non voltei a relacionarme con outra rapaza.

Pero, hoxe foi un grande día, vina. Regresaba eu a casa seguindo a monotona rutina cando me atopei con ela na rúa. Estaba tan fermosa coma sempre ou aínda máis. O contexto non era o mesmo. A rúa, chea de movilidade, ruido e fume exquisito. Entre a multitude no-los dous. Saudámonos dun xeito diferente a coma o fixerámos na casa da señora Chareles, cunha familiaridade inexplicable, Sonia mostrábase leda e xovial, de seguro cunhas copas de vodka no corpo, a min nunca me importara esto. Eu cambiara, Sonia era a causa, eu era distinto, era eu.

Quedamos para o sábado de vérmonos no meu apartamento á tardiña.

Aqueles días, antes de chegar o sábado non fun capaz de pensar noutra cousa que naquel encontro.

Soa o timbre, ten que ser ela. Abrolle a porta e alí está radiante e misteriosa.

— Pasa Sonia.

— Hola Xoan... que casa máis xeitosa tes.

— Sí, non é grande cousa pero estase ben... séntate muller ¿qué che poño, unha copa de vodka? (eu sabía que me ía dicir que sí, e xa comprara unha botella, predicindo a súa resposta).

— Mira, non, eso foron cousas que xa pasei, se tes por ahí un pouco de té, agradeceriacho.

¿Cómo? ¿un té? ¡non!. Non era posible, aquelo era o fin. ¿De dónde ía sacar eu un té?. Fun á cociña e percurei por tódolos recantos, pero nada. Non tiña té. Dinme a volta e apareceu ela espida, tiña un corpo espléndido e os seus ollos voltáronse a cravar en min. Bicámonos apaixoadamente asulagados nun placer extraordinario, puiden sobrevivir para conta-lo.